

**As Cousas da
Nosa Escola**



**17 de MAIO de 2010
DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

C.E.I.P. "Celso Emilio Ferreiro" (A Silva-Cerceda)

SUMARIO

<i>SUMARIO</i>	1
<i>EDITORIAL</i>	2
<i>AS NOSAS FESTAS</i>	3-7
<i>PRIMAVERA DAS LETRAS GALEGAS</i>	8
<i>PROGRAMA DAS LETRAS GALEGAS</i>	9
<i>FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS</i>	10-11
<i>COLABORACIÓNS:</i>	
<i>EDUCACIÓN INFANTIL 3 E 4 ANOS</i>	12-14
<i>EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS</i>	15-17
<i>1º DE PRIMARIA</i>	18
<i>2º DE PRIMARIA</i>	19-20
<i>1º E 2º DE PRIMARIA</i>	21-23
<i>3º DE PRIMARIA</i>	24-26
<i>4º DE PRIMARIA</i>	27
<i>5º E 6º DE PRIMARIA</i>	28-30
<i>VISITAS CULTURALS</i>	31
<i>ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA</i>	32-33
<i>AS NOSAS EXCURSIÓNS</i>	34-35
<i>SIMULACRO DE EVACUACIÓN</i>	36
<i>ATLETISMO ESCOLAR</i>	37-40
<i>ENREDOS E PASATEMPOS</i>	41-42
<i>AGRADECIMENTOS</i>	43
<i>ORLA DE GRUPO</i>	44

EDITORIAL

Este ano cúmprese un lustro desde que democráticamente decidimos cambiar o nome da nosa revista escolar. Esperemos que este nº 5 de: **“As Cousas da Nosa Escola”** sexa do voso agrado pois nós, como sempre, puxemos toda a ilusión en que así fose.

Achegámonos este novo exemplar co desexo de compartir convosco un pequeno resumo das actividades levadas a cabo no centro ao longo do presente curso escolar. Tamén dispoñedes deste xornal en formato dixital na seguinte dirección de acceso á páxina web do colexio.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcelsoemilioferreiro/>

¡GRAZAS, COMPAÑEIROS!

Como é de bo nado ser agradecido, quero adicar unha mención especial a dous excelentes Mestres e Compañeiros que para o ano vindeiro non estarán connosco xa que logo, a súa situación profesional, os ubicará noutros centros educativos.

En primeiro lugar á benxamina , Verónica, que compartiu comigo a titoría de sexto e estivo sempre disposta a colaborar en calquera iniciativa que desde o Claustro se propuxese. Ela sabe que se leva o afecto de todos os seus compañeiros, a admiración e o respecto dos país e nais e o cariño da totalidade do alumnado. Neste intre todavía cabe a posibilidade de que poida optar a unha praza no centro de cara ao vindeiro ano, cousa que non me podería agradar máis. ¡Oxalá volvámosla a ter entre nós!

Tamén cambia de destino, neste caso con carácter definitivo, o noso compañeiro e amigo José Manuel quen compartiu connosco esta última década e a quen botaremos de menos tanto a nivel profesional como a nivel persoal.

Todos sabemos que desde a súa chegada ao colexio, o seu don de xentes convertiuno nunha auténtica institución no seo da nosa Comunidade Educativa e dun xeito moi especial entre os que compartimos o día a día con el.

A ambos os dous desexámoslles o mellor, atópanse onde se atopen.

Un bico moi grande, compañeiros, de toda A Silva e lembre que aquí sempre teredes a vosa segunda casa.

LETRAS GALEGAS 2010

Tal como destacamos na portada do xornal, o día das LETRAS GALEGAS dedicouse a **“UXÍO NOVONEYRA”**. Este poeta do Courel, é a representación da ben denominada Segunda Xeración de Posguerra, que agrupou a autores de significada tendencia galeguista. A súa poesía foi evolucionando ao longo do tempo enmarcándose, parte dela, na denominada “poesía da terra”, sendo o seu ciclo de poemas coureláns auténticos documentos dun gran valor cultural e antropolóxico.



As persoas que colaboramos directa ou indirectamente na confección e edición do presente xornal, desexamos, con todo o cariño, que disfrutedes con cada unha das súas páxinas.


O director
Rafa Rodríguez Martín

AS NOSAS FESTAS

O magosto

O día 6 de novembro celebramos a festa de outono do 2009 na que a **protagonista principal** foi a **castaña**. O alumnado de primeiro de primaria expuso durante unha semana uns innovadores traballos realizados con este emblemático froito. Entre todos, confeccionamos un estupendo mural decorado con follas de todas as gamas cromáticas que recollimos polos arredores do colexio.

Como todos os anos, organizamos **xogos** do máis variopinto.



O nadal

Uns días antes da celebración do Nadal, o noso benquerido Alberto montou un Belén ao que cada ano engádelle algún detalle novo. Fíxemos, tamén, o xa mítico concurso de Postais de Nadal no que o xurado elixiu a que serviu de felicitación tanto para as familias como para as entidades e cargos relacionados, directa ou indirectamente, coa nosa Comunidade Educativa. O día 22 recibimos a visita de PAPÁ NOEL e levamos a cabo o FESTIVAL DE NADAL que estivo repleto de obras teatrais e panxoliñas.



O día da paz

Para conmemorar esta data elaboramos murais colectivos cos que decoramos a entrada do colexio. O alumnado de Educación Infantil de 3-4 anos agasallounos co MURAL DAS APERTAS. Posteriormente tivemos unha estupenda xornada de xogos cooperativos no ximnasio e nos corredores do colexio para a que confeccionamos un circuito no que participaron os nenos de todo o colexio organizados por equipos de distintos cursos. O obxectivo destes xogos foi a participación e a cooperación, dado que non se trataba de xogos competitivos.



O entroido

O día 11 de febreiro tivo lugar unha degustación de produtos típicos doados polas familias do alumnado. O día 12 celebramos o xa famoso desfile de disfraces. Este curso decidimos organizar o Entroido partindo do centro de interese elixido para traballar desde a biblioteca: "O MEDO", e por iso chegamos todos disfrazados en torno á mesma temática.





PRIMAVERA DAS LETRAS GALEGAS 2010

TRABALLOS PREMIADOS NO I CERTAME ESCOLAR DAS LETRAS GALEGAS " CONCELLO DE CERCEDA "

1ª CATEGORÍA: Educación Infantil:

- **2º PREMIO:** **INFANTIL 5 ANOS**
- **3º PREMIO:** **INFANTIL 3 e 4 ANOS**

2ª CATEGORÍA: 1º CICLO DE PRIMARIA

- **2º PREMIO:** **BRAIS RAMILO AMOR**

3ª CATEGORÍA: 2º CICLO DE PRIMARIA

- **1º PREMIO:** **LUÍS MOSQUERA CONDE**
- **3º PREMIO:** **SARA BOTANA SANTOS**

4ª CATEGORÍA: 3º CICLO DE PRIMARIA

- **1º PREMIO:** **CARLA RAMILO FARIÑA**
- **3º PREMIO:** **AMANDA RAMILO AMOR**

PROGRAMA DAS LETRAS GALEGAS 2010

FESTIVAL DÍA DAS LETRAS GALEGAS “Celso Emilio Ferreiro”

14 de maio de 2010

Programa de actuacións por orde de aparición

- ✚ Presentación de Uxío Novoneyra
- ✚ Educación Infantil:
 - Canción: Canta comigo
 - Poema recitado: Nunca repares en min
- ✚ Entrega de premios do I Certame das Letras Galegas do Concello de Cerceda
- ✚ Teatro Escolar: Grupo de Teatro CARPE DIEM. Actividade patrocinada polo Concello de Cerceda
 - Obra de teatro: Renata
- ✚ Teatro extraescolar:
 - Educación Infantil: “A habitación máxica de Peter Pan”
 - Educación Primaria: “Non é xusto”
- ✚ Cuarto e sexto de primaria
 - Baile: Tic-Toc (Keshha)
 - Baile: Bad Romance (Lady Gaga)
- ✚ Primeiro e segundo de Primaria:
 - Obra de teatro: Asamblea dos ratos
- ✚ Terceiro de Primaria:
 - Obra de teatro: Letras Galegas
- ✚ Cuarto de Primaria:
 - Obra de teatro: Os que ían a Compostela
 - Baile: Just Dance (Lady Gaga)
- ✚ Quinto de Primaria:
 - Obra de teatro: A tía Lambida
 - Baile: The boys are back
- ✚ Sexto de Primaria:
 - Obra de teatro: “A aula de Tócame Roque”

Todos os asistentes: “ HIMNO GALEGO ”

FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS

O día 14 de maio, as 10,00 horas, tivo lugar unha actuación da compañía de teatro “CARPE DIEM”, que representou a obra “RENATA”. Despois da entrega dos premios correspondentes ao I Certame Escolar das Letras Galegas, levamos a cabo o noso Festival.

Moitas obras teatrais, coreografías moi ben logradas e recitado de poemas marcaron o programa dunha maratoniana xornada. Como de todo se aprende, sabemos que para o ano haberá que separar as nosas actividades das do Concello pois case catro horas de Festival desluciron algunhas actuacións e impediron a moitas familias acompañarnos na totalidade do evento.






COLABORACIONES

Educación infantil 3 e 4 años


AS BRUXAS (3 ANOS)



AS BRUXAS (4 ANOS)



POEMA: XOANIÑA VOA , VOA.




XOANIÑA VOA , VOA
QUE O TEU PAI ESTÁ EN LISBOA.



XOANIÑA VOA , VOA
QUE CHE HEI DAR UN PAN DE BROA.
XOANIÑA VOA , VOA



QUE CHE HEI DAR PAN E CEBOLA.
XOANIÑA VOA BEN
QUE CHE HEI DAR LEITE TAMÉN.



PARA NÓS A LINGUA GALEGA É...

É A QUE TEMOS NÓS E
SIRVE PARA FALAR EN
TODOS OS IDIOMAS
(ALEJANDRO)

SON OS DEBENS DE LONDRA
GALEGA (ALEX)

É UNHA LINGUA QUE
TEMOS TODOS. (RAÚL)

NON SEI O QUE É, PERO
ESTÁ DENTRO DE NÓS.
(SOLINA)

SIRVE PARA FALAR.
(MIGUEL)

E CHE UN CONTO. (FATIMA)

SIRVE PARA LAMBER E
ESTÁ DENTRO DA BOCA
DE TODA A XENTE
QUE VIVE EN GALICIA.
(SERGIO)

É COMO PLAROS EN GALICIA
MILANS (ALEXANDRO)

É UNHA FÉSTA QUE SE
FAI NA SILVA. (LETICIA)

SIRVE PARA FALAR GALEGO E TAMÉN PARA
LER. (CAROL)

É A LINGUA QUE TRAEV OS
GALEGOS DENTRO DA BOLACONA
A DAN TORA? (SERGIO)

SIRVE PARA FALAR GALEGO
(LUUC)

OS NENOS E NENAS DA CLASE
DE EDUCACIÓN INFANTIL
DE 5 ANOS, XA SE GRADUARON

DIPLOMA DE EDUCACIÓN INFANTIL



SORAYA



ALEXANDRO



ALBA



SERGIO



LETICIA



LUIS



RAUL



IVES



ALEJANDRO



PAZITA



MANUEL



SEBASTIÁN

MARCELA VILA

1º de primaria

O alumnado de primeiro confeccionou un tren xigante no que cada vagón representaba un desexo: AMOR, AMIZADE..., e moita felicidade para todos e todas.



O tren da Paz



2º de primaria

Este ano quixemos pñer en prctica algunha das cousas que aprendimos. Para iso elegimos como tema a comida do comedor e seleccionamos algn dos pratos que nos sn. Despois fixemos unha enquisa s alumnas e alumnos do colexio. Cos resultados fixemos os nosos grficos. Este foi o resultado. Esperamos que nos resulte interesante.

CAL  O TEU MEN PREFERIDO?





-MENÚ-

- 1^o prato = Spaguetitis con tomate.
 2^o prato = Polo con patatas ou frixido
 guesa
 3^o prato = Xesado.

1º e 2º de primaria

XUNTOS FIXEMOS....

Polo Magosto...



Realizamos
animais con castañas.



Fixemos unha exposi-
ción na entrada do
colexio.

En Nadal....



Fixemos un mural no que ...



Nós fomos os pastores

ESTE FOI O RESULTADO!



E no día das Letras Galegas ...

Representamos a obra "A assemblea dos ratos", cuns narradores e uns actores magníficos.



3º de primaria



ALUMNOS





CURSO 2009/10






XEROGLIFICOS

QUEN SON?

3







SOLUCIONES

Luis : Lu-na (- na) + isla (-la)

Lucía: Luz + ía

Patri: Pa + 3 (tri)

Samuel: Sal (-l) + muela (-l)

Leti: le + ti

Geli: Gel + i

Noel: Papá Noel

Rafa: Ra + nota fa

Sarai: s (de silencio) + ara + i

Marta: mar + tttttt (son da hélice do helicóptero)

Marina: mar + ina

Iván: l+ van.

Pepe: pe + pe

Ana paredes: Anano (-no) + paredes

Javi: sonrisa (ja,ja,ja) + ollos (vi)

4º de primaria

FALA GALI GO

Nos falamos galego,
e ti?



Tata
galego

Debuxo
co
Galego

Soma
co
Galego

Pinla
co
Galego

ANDREA 4º E.P.

O galego é moi importante para min porque é a lingua que falo eu e a que fala a miña familia.

Nerea

A lingua galega é a miña lingua. Empeciei a falar con ela e cada día coñesco máis palabras. É xenial!

Marta

O galego é a lingua que uso a cotío para falar coa xente do meu arredor e coa miña familia.

Iria

A lingua galega significa moito para min porque é a que aprendín cando nado. Enunca a vou esquecer!

Jacobo

Hai moitos idiomas que me gustan, pero o meu idioma de verdade é o galego.

Andrea

5º e 6º de primaria

VIAXE A MADRID



Este ano, os nenos de 6º e 5º fomos de excursión de fin de curso a Madrid e visitamos un lote de cousas!

Marchamos ás 9:30. Fomos directos a Lalín para buscar a Pepe e aos do outro colexio. Despois de ir buscalos fomos a Castela e León xantar. Logo paramos en **Segovia** para ver o **Acueducto**, que era moi bonito, grande e impresionante!! Subimos moitísimas escaleiras nel.

Máis tarde fomos ao castelo onde os romanos se escondían e se protexían dos seus inimigos. Despois de ver iso fomos comer un xeadado e descansar.

MUSEO DO PRADO:

Dentro do Museo do Prado, que era enorme, fomos a unha exposición que se chamaba “El arte del poder”. Alí, vimos cadros de varios reis como Xoan Carlos I, Felipe II, Felipe III... Nesta mesma sala tamén había armaduras e figuras de xente antiga enriba de cabalos con lanzas e armaduras e ata tiñan espadas de mostra!

Na entrada do Museo, pero fóra desta exposición estaba unha estatua de Don Quixote da Mancha, a personaxe dun libro español moi famoso escrito por Cervantes.



O PARQUE DO RETIRO:

O retiro é un lago artificial no que se poden alquilar unhas barcas de remos nas que podes estar 45 minutos e a auga é totalmente verde por culpa da enerxía solar. Foi por culpa de Kevin, que moveu a barca, Gonzalo caeu á auga verdosa e coa calor que fixo en menos dunha hora xa estaba seco! Despois fomos a unha xamonería e a comida estaba moi boa.



O ZOO:

No zoo vimos moitos animais. O que mais nos gustou foron os golfinhos e mais os babuinos, pero tamén había xirafas, cebras...

Vimos unha exhibición de golfinhos e facíano moi ben.

Tamen había un parque de atraccións no zoo, pero non estaba aberto mais era igual porque íbamos ir ao Warner Bros, onde o pasamos xenial.



Na foto do lado podes ver a exhibición dos golfinhos coa muller coas mans abertas para que os delfíns llas toque.

Debaixo da piscina donde estaban os golfinhos había unha cristaleira onde os podías ver bucear.

BERNABEU:

Tamén fomos ao estadio do Real Madrid. Alí deixáronnos estar no campo, na sala de trofeos e sentámonos nos banquillos. Algúns nenos dicían que íban levar unha camiseta do Barcelona ao Santiago Bernabeu pero ao final non a levaron.



MUSEO DE CERA:



Vimos a moitos famosos como son: Fernando Alonso, Fernando Torres, Casillas, Piratas do Caribe, Penélope Cruz, Michael Jackson, Zapatero, Dany Pedrosa ... As figuras de cera estaban moi ben feitas e ata parecían de verdade.

Aínda que no museo non había só figuras de cera, tamén había atraccións:

O tren do terror: no que íbas nun tren vendo monstros de cera.

Simulador RV: no que íbamos nun tipo de nave na que parecía que íbamos nunha montaña rusa e molaba moito.

DE PASEO CON RUFINO:

Tamén fixemos turismo pola cidade acompañados por un guía, Rufino, Rufo para os amigos, e fomos visitar o Xardín do Moro, o Palacio Real desde fora, a Porta de Alcalá, A Gran Vía, a Porta de Toledo e moitos sitios máis. Tivemos que andar moito e fixémoslle fotos a todo. O Palacio e o Xardín do Moro eran abraiantes. No Xardín tiñan Pavos Reais. Polo camiño Rufo íanos explicando as cousas.



WARNER BROS:

Na Warner de Madrid pasamolo todos moi ben fomos a cantas atraccións había e a que mais medo daba era a Montaña Rusa Superman.

E tamen había atraccións de agua e polo parque podíaste atopar con moitas personaxes dos debuxos animados, tanto de Disney como dos Looney Tunes.

A viaxe gustounos moito, o que máis nos gustou foi a Warner, aínda que tamen nos gustou moito o resto da viaxe como o zoo, o Museo de Cera e o Retiro.

A viaxe en autobús foi moi longa, pero tampouco foi tan aburrida porque fixemos bastantes paradas, unha delas Segovia, onde vimos un pouco da cidade antiga, como o Acueducto.



QUEREMOS VOLVER!

Visitas culturais

Entre as visitas culturais que fixemos durante o presente curso escolar, destacamos a VISITA A SOGAMA, a que realizamos á CASA DAS CIENCIAS e o CONCERTO DIDÁCTICO no que asistimos ao Palacio da Ópera da Coruña.



ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA

O noso amigo Buluchi



Ola a todos e todas, moitos xa me coñecedes, son Buluchi, o voso amigo da biblioteca. Este ano estivemos coñecéndonos. Presenteime dun xeito peculiar, deixándovos as miñas pegadas, lembrádesvos?



Tamén vos contei que me gustaban moito os contos de medo. Por iso, presenteivos os libros que eu coñecía para ver se a vós tamén vos gustaban tanto como a min.

Desde o principio de curso, estivemos ademais facendo outro tipo de actividades desde a biblioteca:

- o Decorar a biblioteca e algún corredor.
- o Fixen un cartel para que colocádes os libros de medo que íades lendo.
- o **CONTACONTOS**: o alumnado prepara historias que lles conta a outros cursos. Algúns destes contos foron: **Fiz o coleccionista de medos**, **Tío Lobo**, **Raquel ten medo**, **Os 3 porquiños**, **A Carrapuchiña vermella**, **A bruxa regañadentes**, e outros que aínda están por vir.





- o Decoramos na casa as bruxas, que empregamos para engalana-lo colexio



- o Inventamos un conto entre todos: **“O libro viaxeiro”**

O que eu intentaba con todo isto é que todos o pasáramos ben, e espero telo conseguido.

Ata outra picariños, seguiremos en contacto.



AS NOSAS EXCURSIÓNS

A excursión longa xa está o suficientemente detallada no resumo elaborado polo alumnado do terceiro ciclo de primaria, coa axuda e supervisión de Verónica.

Na excursión de fin de curso acudimos á Granxa Escola “ Bergando”, ubicada no concello coruñés de Negreira do que amosámosvos, de seguido, unha breve reportaxe gráfica que podedes ver completa na galería específica da nosa páxina web.



O día 4 de xuño acadamos a inauguración oficial 2010, do Parque Acuático. Entroutras atraccións disfrutamos de: inchables, obradoiros de chapas e móbiles e, especialmente das de auga nas que o pasamos fenomenalmente ben tanto os grandes como os pequenos. Dita actividade foi patrocinada e financiada, íntegramente, polo noso Concello.



SIMULACRO DE EVACUACIÓN

PROTOCOLO DE EVACUACIÓN: TEMPOS DE SIMULACRO.

Estimouse que o fume era moi tóxico polo que o responsable determinou o confinamento dos alumnos nas aulas.

O tempo real da evacuación foi contabilizado polo xefe de bombeiros.

- ✚ 11,19 : Faise soar a alarma, procedéndose a desconectar as tomas de gas e electricidade.
- ✚ 11,19 : Chamada ao 112.
- ✚ Chegada da Policía Local (xa se atopaba no mesmo casco urbano).
- ✚ 11,29 : Chegada de Protección Civil. A extinción do incendio tivo unha duración de 4 minutos.
- ✚ 11,42: Chegada da dotación de Bombeiros. A ventilación do fume tóxico realizouse desde as 11,42 ás 11,52 horas.
- ✚ 11,53: Da comenzo a evacuación.
- ✚ 11,55 : Remata a evacuación.
- ✚ 12,08 : Chamada ao 112, dando por rematada a intervención.



ATLETISMO ESCOLAR

1ª década de Atletismo no noso centro, ¡10 anos xa!

Este ano pois, é o ano dos NÚMEROS, así que ahí van:

111 persoas que practican atletismo coa Silva.

Analizando os colexios cercanos, 22 persoas son do noso colexio, 5 do de Pecalama, 3 do cole de O Cruce e 2 do de Ordes.

O número de veteranos tamén medrou notablemente, tendo 21 do noso entorno próximo (A Silva, Tordoia e Cerceda) e outros 16 dun entorno máis lonxano (Carballo, Arteixo, Sada, Ordes, Lalín e Granada).

Tamén temos outros que apuntáronse á Escola Municipal de Atletismo para sudar con este deporte ou simplemente para coñecelo. Tamén aquí temos récord cun total de 55 practicantes, tres máis co ano 2009, unha das escolas con máis xente, despois da de piscina, claro.

78 atletas con licenza, 33 sen licenza.

91 entidades e/ou comercios-empresas, que nos apoian cada ano para poder realizar a Carreira de A Silva.

6 campeóns de España, ata o momento (3 deles veteranos).

Máis de 1.100 medallas e/ou trofeos nestes 10 anos...

Si somos capaces de facer isto adestrando na carretera ou lanzando en anacos de tartan cara a unha leira..., QUE FAREMOS CANDO TIÑAMOS TAN ANSIADA PISTA?

A continuación repasamos as competicións máis importantes deste curso:

-CLASIFICATORIO SANTIAGO (11-nov-2009):



13 participantes con 8 clasificados para pista cuberta, co novo adestrador-axudante, Simón Facal.

-GALEGO PISTA CUBERTA (Xaneiro-2010):



-CAMP. ESPAÑA VETERÁNS PISTA CUBERTA- ZARAGOZA (FEBR-2010):

**7 Medallas:
3 M^a JOSÉ, 2 ISABEL,
1 PILI e outra PEPE.**



O debut de M^a José Fraga nun español non poido ser máis animoso,
¡Nada menos que 3 medallas de Prata!, así calquera non se anima a seguir.

-1ª COMARCAL ESCOLAR + CRITERIUM DE LANZAMENTOS

(Pobra Caramiñal + Pontevedra- 10-Abril-2010):



-2ª COMARCAL ESCOLAR (Santiago 17 Abril 2010):



Marta facía os seus primeiros saltos bos en lonxitude e Tarrío casi se clasificaba nos 150 m.

-CLASIFICATORIO DE PROBAS COMBINADAS: (Ferrol, 24 Abril 2010):



-CAMP. GALEGO CADETE (O Barco de Valdeorras, 09 maio-2010):

1º MARTÍN-JABALINA
2º ISABEL-DISCO



-CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR (Pontevedra, 5 xuño-2010):



-6ª CARREIRA POPULAR -A SILVA 2010: (domingo 30 de MAIO 2010):

¡425 inscritos este ano (380 chegados a meta)!

Ainda que o traballo de organización recaiu na maior parte na Atlética A Silva, a empresa Oxem Sport, dependente do Concello de Cerceda, tamén aportou moita axuda este ano pero, sen dúbida, o **éxito foi das 91 entidades-comercios-tendas-negocios...** que a pesares da rabuda crise económica, non dubidaron en aportar o seu gran de cartiños para que poidésemos xuntar o necesario para celebrar esta carreira xa que non é doado cubrir tódolos gastos seguintes :

Carteis e trípticos da carreira 200 €; camisetas co logo da carreira 1.575 €; Trofeos 750 €; xuíces de Santiago e secretaría 225 €; empanadas DO DÍA para tódolos asistentes 180 €; seguros de responsabilidade civil 200 €; carné, carbón, pan e man de obra do churrasco FRESCO 500 €; material de oficina (papel, imperdibles, rotuladores, carpetas...) 50 €; regalos rapaces finalistas concurso de debuxos e material de Ferretería (pintura spray...) 45 €; regalos para sortear 50 €; e moitos máis apartados que nos foron facilitados gratuitamente como a carpa (Concello), o arco de meta, bebidas, froita, local para a secretaría e almacén (Dist-Re Piñeiro), Ambulancia, Tráfico e Protección Civil (Concello), material de carpintería (Carp. Frareda), embutidos para pinchos (Concello), bolsas e camionetas (Mobles Fraga), sillas, mesas e podios (Concello), CEIP Celso Emilio Ferreiro; e unha morea de pequenas aportacións que desde aquí agradecemos aínda que é imposible nomealas a todas.

¡GRAZAS A TODOS E TODAS OS QUE AXUDÁCHEDES!



**¡POLO DE AGORA 120 MEDALLAS ENTRE
TOD@S!**



ENREDOS E PASATEMPOS

SOPA DE LETRAS




W	P	C	A	B	A	Y	P	O	R
H	Z	O	P	G	E	P	A	D	O
P	A	N	I	P	H	J	I	P	V
G	P	E	P	A	J	A	R	O	P
U	R	J	U	P	C	P	E	P	I
S	C	O	P	E	P	A	P	U	P
A	D	O	P	S	P	R	A	N	A
N	P	E	I	Q	U	I	R	A	F
O	T	O	R	T	U	G	A	I	E
P	U	L	P	U	P	Ñ	O	P	P

CELSO EMILIO FERREIRO 2010

Entre estos dous debuxos existen sete diferencias iatópalas!



Colorea os debuxos



AGRADECEMENTOS

Un ano máis quero dar as grazas pormenorizadas tanto ás **PERSOAS** como ás **INSTITUCIÓNS** e ás **EMPRESAS** que colaboraron connosco ao longo do presente curso escolar 2009/2010.

Á empresa **SERUNIÓN S.L.** e, dun xeito especial, a **MARÍA e SILVIA** pola súa dedicación constante e, así mesmo, pola gran axuda que nos prestaron tanto nas festas como nas actividades complementarias e extraescolares.

Ao noso conserxe, **ALBERTO**, pola súa colaboración e permanente dedicación ás necesidades do centro, polas súas iniciativas e pola súa profesionalidade.

Ao persoal de limpeza: **FELISA PAZOS e M^a CARMEN**.

A **ALBA**, por contar connosco para todas as actividades que, dentro do seu departamento, organizou o Concello, e aínda que este ano xurdiron algunhas complicacións, soubo saír delas airosamente.

A todos os **MONITORES e MONITORAS**, pola organización e supervisión das actividades extraescolares organizadas polo Concello.

Á representante do Concello no Consello Escolar do centro: **ISABEL CASTRO FRAGA**, pola súa estreita colaboración nas xuntanzas mantidas así como pola súa permanente atención ás necesidades do colexio.

Ás representantes de pais e nais no Consello Escolar: **PILAR, M^a LUZ e ANA** pola súa participación e polas súas aportacións tanto no seo do Concello como fóra del.

A **LUIS JUNCAL DA SILVA** polo seu traballo realizado nas distintas zonas verdes do colexio.

AO CONCELLO DE CERCEDA pola colaboración prestada ao longo do curso e, especialmente, ao seu alcalde: **José García Liñares** por estar aberto a todas as iniciativas propostas desde o centro.

Á **EMPRESA SONOGAL** polo préstamo dunha máquina de fume artificial para poder levar a cabo o Simulacro de Autoprotección Escolar.

AO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE ORDES, ao CE 112 , a PROTECCIÓN CIVIL e á POLICIA LOCAL, pola súa presenza e posta en práctica do Simulacro de Evacuación levado a cabo o día 12 de maio.

Á **CAIXA GALICIA** polas deferencias que amosaron todos os seus empregados coa nosa comunidade educativa ao longo do curso.

Ás empresas **ASICASA e REY VARELA** e, especialmente, aos seus condutores/as así como a **Carlos e Jesús**, respectivamente, pola boa empatía amosada durante todo o curso.

As empresas e entidades colaboradoras que figuran ao principio e ao final deste xornal, sen cuxa financiación este proxecto feito realidade non sería posible.

A todos os pais, nais, titores/as e demais persoas que, dun xeito ou outro, colaborastes no axeitado funcionamento do noso e voso Centro Educativo.

¡ Grazas pola vosa desinteresada colaboración!



Uxío Novoneyra



Uxío Novoneyra

Uxío Novoneyra

(1930 - 1999)

Dinamización Lingüística 2010

Letras Galegas